



POLOS CREATIVOS

SA-8M3-A ciencia con ollada de
muller

Achega

- Tesoira.
- Pegamento.
- *Plotter* de corte (opcional).
- Plastificadora (opcional).
- Modelos descargables.

Observa

A ilustración científica é unha arte que combina precisión e creatividade. A través de debuxos detallados e meticulosos, as ilustradoras representan organismos vivos (animais e plantas), estruturas celulares, paisaxes xeolóxicas e organismos fósiles. A ilustración científica permítenos explorar o mundo invisible e apreciar a beleza da ciencia na súa forma máis gráfica."

Indaga

- A ilustración científica nace nas covas prehistóricas cos primeiros debuxos de plantas e animais. Esas imaxes foron o primeiro intento da humanidade de representar e comprender o mundo natural.
- As primeiras pinturas rupestres realizáronse con materiais naturais que estaban dispoñibles na natureza en áreas próximas dos artistas prehistóricos. Estes materiais variaban segundo a rexión e a época. Coñeces algún deles?
- Ocre e outros pigmentos minerais triturábanse moi finamente para crear po de cor (amarela, parda) que logo se mesturaba con auga ou graxa animal para facer pintura. Con arxila e terra creaban unha pasta con auga que logo aplicaban sobre as paredes das covas. Despois de queimar madeira, os restos de cor negra utilizábanse para crear liñas escuras nas pinturas. Podes fabricar algunha pintura con materiais ao teu alcance na cociña? Como pigmentos podes utilizar café, colorante alimentario, etc. Como aglutinante (base) proba a usar, por exemplo, lavavaixelas. Que outras mesturas podes facer?
- Os artistas paleolíticos tamén utilizaban as súas propias mans e dedos para aplicar os pigmentos nas paredes das covas. Ósos e pedras eran as ferramentas prehistóricas para debuxar ou gravar a superficie dos materiais pétreos. Proba a aplicar a túa propia pintura con diferentes instrumentos para conseguir efectos fascinantes.

Prototipa

- Hoxe en día, o mundo dixital impacta na forma en que se realizan as ilustracións científicas pero segue existindo a necesidade dunha representación visual precisa e atractiva da ciencia. Nesta baralla presentámosche a un gran grupo de mulleres que usaron diferentes técnicas. Agora podes construíla e xogar con todas elas apreciando o seu gran traballo.
- Imprime as cartas por duplicado para formar as parellas. Podes plastificalas para un mellor manexo e durabilidade.
- Serás quen de aumentar o número de cartas con máis mulleres ilustradoras?
- Para gardalas crea un protoipo de caixa que permita o seu almacenamento e localización.



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

